


1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ría de Corme e Laxe. Municipio: Cabana de Bergantiños.
Parroquias: San Martiño de Canduas. Extensión: 1,56km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Enseada acantilada con praias ao pé no fondo. Presenta paredes basais de inclinación elevada e vertentes de perfil convexo. Dúas fracturas escavan cadanseu corredor deprimido nos que aparece regularizada a vertente aínda que as pendentes medias non decrecen en exceso. Peche de altitude variable entre os 100m e 200m, pero próximo á liña de costa.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade practicamente incluída no Dominio hercínico, grazas a un granito de dúas micas, de gran medio a grosso, lixeiramente orientado, granito Tipo Laxe. Pero aparecen dúas bandas de xistos e paragneis con algunhas anfíbolitas, -do Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, de Idade precámbrico-silúrica - en dirección NE-SO nos dous lóbulos que compón a enseada que caracteriza a unidade. Nestes dous pequenos entrantes aparece representado o Cuaternario mediante depósitos areais.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido. Recóllense entre 1200mm e 1400mm de precipitación acumulada media ao ano. As temperaturas en xeral son suaves con valores medios por riba de 14°C e unha oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

O rochedo granítico superficial dá lugar a solos pouco desenvolvidos, en concreto regosois. Os afloramentos só permiten leptosois líticos na ladeira noreste do Castelo de Lourido.


AS AUGAS

Cadanseu arroyo percorre as debilidades do terreo, de sur a norte ata a enseada de Rebordelo, mentres que á de San Pedro chega un de menor entidade. As Augas Costeiras desta unidade son as da Ría de Corme e Laxe (20171).

O PATRIMONIO NATURAL

As vertentes baixas, pequenos sectores de dunas e os cantís, están protexidos polo LIC Costa da Morte. A unidade inclúese no sector coa categoría de área de importancia para as aves (IBA) "Costa da Morte". Costa mixta na que existen sectores acantilados central e extremos dominando neles o hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos, e aparecendo representado tamén o hábitat 8330 de covas mariñas mergulladas e semimergulladas no treito máis occidental. Nas praias de Rebordelo San Pedro existen pequenos sectores de dunas incipientes pertencentes ao grupo 21, dunas marítimas das costas atlánticas. Algúns sectores das vertentes baixas, en concreto as existentes nas puntas que enmarcan a unidade, contan con matos costeiros, cos consabidos hábitats potenciais 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros con Erica vagans. Ademais, entre Rebordelo e Monelos aparece algunha formación con frondosas de recolonización.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Este espazo costeiro localízase nas escarpadas ladeiras dos montes de San Pedro e A Capela, feito que repercute no tipo de usos e aproveitamentos do solo que se dan na unidade. A práctica totalidade das vertentes está recuberta de masas forestais, principalmente monocultivos de eucalipto e piñeiro, destinadas á industria madeireira. Estas zonas silvícolas alternan con algunhas parcelas ocupadas por bosques mixtos nos que as caducifolias alternan coas frondosas. Este continuo arboredo rompe por algúns espazos abertos cubertos de matogueira que son máis evidentes no espazo litoral próximo á liña de cantís e pequenos prados. A contorna á AC-431 concéntrase o uso agrícola, que representa unha pequena porcentaxe no aproveitamento xeral da unidade. Desde esta estrada e aproveitando unha pequena valgada, un pequeno bosque de ribeira situado na franxa nororiental comunica a fronte costeira (praias de Rebordelo e San Pedro) co interior.

MORFOLOXÍA

O tránsito da estrada AC-431 concentra a maioría das actividades relacionadas directamente coa acción do home. A morfoloxía deste espazo presenta unha disposición lineal na que os campos de cultivo alternan co escaso número de edificacións (dispersas) debido a que o viario coincide coa zona de relevo máis favorable para o desenvolvemento deste tipo de actividades. Na marxe dereita do curso do arroyo que desemboca na enseada de Rebordelo aséntase o pequeno núcleo tradicional de San Pedro. O restante espazo da unidade, dadas as súas características físicas, non responde a unha organización parcelaria definida senón que se adapta ás condicións naturais da topografía.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal infraestrutura viaria da unidade é a estrada autonómica AC-431 que enlaza Laxe con Cabanas. Cara ao norte da mesma, unha serie de estradas de ámbito local permiten o acceso ás vivendas da zona comunicando, á súa vez, o interior da unidade coas praias de San Pedro e Rebordelo. Ao sur da estrada AC-431 unha serie de pistas posibilitan o acceso de vehículos ás plantacións forestais conformando unha complicada rede de carreiros e camiños.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Non se recollen elementos artísticos ou patrimoniais catalogados nesta unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O visitante que chega a través da estrada AC-431 percibe unha contorna no que a costa é o elemento central, ao redor do cal se articulan un espazo abrupto dominado polas árbores. A progresiva colonización do solo por parte das especies arbóreas contrasta cunha fronte costeira dominado por cantís e praias, configurándose un espazo dotado dunhas calidades paisaxísticas singulares e atractivas.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

As potencialidades paisaxísticas deste tramo de costa radican por unha banda no seu carácter natural e por outro no contraste visual que se dá entre o espazo costeiro e o interior montañoso. O interior, cuberto de árbores, móstrase como un espazo harmonioso, continuo, no que as árbores dominan toda a escena mentres que na costa se dan procesos máis dinámicos asociados á acción do mar que incide, impasible, sobre as rompentes e os areais. Esta dicotomía costa-interior achega gran riqueza á paisaxe tanto visual como sensorialmente. O espazo litoral atópase recollido dentro do LIC Costa da Morte e catalogado dentro da Rede Natura 2000. Para a súa observación propomos Punta Catuxa, un saínte rochoso situado entre as praias de San Pedro e Rebordele que permitirá ao visitante gozar tanto da fermosa costa como do escarpado interior.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



